

"Meu amor de madrugada": A AELG reconece Xosé Manuel Beiras como 'Escritor na súa Terra'

Un acto decorrido este sábado en Compostela reconece a traxectoria literaria de Xosé Manuel Beiras, profesor, escritor e histórico dirixente nacionalista.

Redacción 14/xuño/25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/meu-amor-madrugada-aelg-reconece-xose-manuel-beiras-como-escritor-sua-terra/20250614182316225303.html>

O parque de Galeras da capital galega acolleu este sábado o primeiro acto da homenaxe da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) a Xosé **Manuel Beiras**.

Acompañado da alcaldesa de Santiago, **Goretti Sanmartín**, integrantes da Corporación compostelá, familiares e amizades, tivo lugar o descubrimento dun monólito conmemorativo e a plantación dunha árbore elixida polo propio autor, un teixo.

Na pedra reza gravada a frase "**Meu amor de madrugada**. Xosé Manuel Beiras", unhas verbas cuxo significado, [como reconeceu o escritor nunha entrevista a Sermos Galiza que se publica este mesmo sábado](#), "só o saben os amigos e as amigas".

No parque de Galeras, o profesor, escritor e histórico dirixente nacionalista remarcou que, para el, a homenaxe da AELG "é unha honra realmente inmerecida", e mostrouse "absolutamente feliz" de recibir o recoñecemento.

O acto trasladouse posteriormente ao Auditorio do Centro Galego de Arte Contemporánea, onde Beiras recibiu a 'Letra E', unha estatua obra de **Silverio Rivas**. No acto de entrega interviron a rexedora compostelá e o presidente e a vicepresidenta da AELG, **Cesáreo Sánchez** e **Beatriz Maceda**, respectivamente, e **Miguel Anxo Fernán-Vello** leu unha laudatio de Beiras que foi respondida polo propio autor.

A alcaldesa aproveitou a súa intervención para pór en relación a traxectoria de Xosé Manuel Beiras con diversos espazos da cidade, creando "**un itinerario Beiras por Santiago**" desde a praza da Quintana, en referencia aos discursos do homenaxeado os 25 de xullo, até as rúas da Porta da Pena, o Vilar, A Rosaleda ou o Preguntoiro, onde morou, a Facultade de Económicas onde impartiu aulas fundamentalmente, a praza de Fonseca, onde se instalou o primeiro Parlamento galego ou mesmo o Pazo do Hórreo, onde foi deputado

Este acto de recoñecemento de Xosé Manuel Beiras representa a XXXI edición da homenaxe 'O Escritor na súa Terra-Letra E' que cada ano impulsa a AELG. Sobre a figura do premiado deste

ano destacou, **dentro da súa extensa traxectoria vital, a súa faceta como ensaísta e tradutor**, así como a súa xenerosa colaboración coa AELG, sendo parte do Consello Directivo da Asociación entre 1982 e 1986.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da asociación, e tense constituído ao longo de máis de tres décadas como unha celebración na que a terra de acollida do [homenaxeado](#) ten unha presenza fundamental.